

O GROVE**E D I C T O**

D. Manuel Prol Álvarez e/r de FYM O GROVE C.B., solicitou licenza municipal de actividade para instalación e apertura dunha cafetería, que se situará na rúa Luis Seoane nº 39-baixo. En cumprimento co disposto no artigo 8.3 do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, de avaliación da incidencia ambiental, sométese a información pública, por un prazo de vinte días, para que todas as persoas que se encontren afectadas poidan examinar o expediente no departamento de Urbanismo e formular por escrito as alegacións que consideren pertinentes.

O Grove, 15 de xaneiro de 2013.—O alcalde, Miguel Ángel Pérez García.

2013002089

* * *

MARÍN**RECADACIÓN DE MULTAS****E D I C T O**

ACTO QUE SE NOTIFICA: Resolucions sancionadoras.

De conformidade co disposto no artigo 59.5 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, publícase notificación de resolución sancionadora ditada nos expedientes que a continuación se relacionan, por denuncias formuladas en materia de tráfico polos axentes da autoridade, ás persoas ou entidades que se indican, ao non ser posible realizar a notificación, logo de intentala no derradeiro enderezo coñecido do infractor, feito do que se ten constancia no expediente.

BARREIRO CRUJEIRAS GERARDO e 1 mais

LUGAR E FORMA DE PAGAMENTO.

A sanción poderá facerse efectiva na súa totalidade dentro dos 15 días naturais seguintes á presente publicación por un dos seguintes medios:

1.—Mediante ingreso na conta 2080-5430-28-3110126346 de Novagalicia Banco, indicando nº de expediente, nome e matrícula.

2.—Ou por xiro postal, remitido á citada Oficina, con indicación do número de expediente, nome e matrícula

Transcurrido o prazo establecido para o pagamento no periodo voluntario, o seu cobro se fará pola vía de constrinximento co recargo correspondiente, costas e xuros de mora na Oficina de Recadación Executiva, sita na rúa Ferreiros 13, baixo, de Pontevedra, de conformidade co establecido nos artigos 161.4 da Lei 58/2003, xeral tributaria, 21.2 do R.D. 320/1994, de 25 de febreiro e 138.3 da Lei 30/1992.

MEDIOS DE IMPUGNACIÓN (ARTIGO 82 LSV)

A resolución sancionadora pón fin a vía administrativa e a sanción poderase executar dende o día seguinte a aquel en que se notifique ao interesado producindo plenos efectos.

Contra as resolucións sancionadoras, poderase interpor recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da súa notificación, ou ben recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses perante o Xulgado Contencioso-administrativo de Pontevedra, ou perante Xulgado da mesma orde xurisdiccional correspondente a circunscrición na que teña o seu enderezo a sancionado